

1. habent sua fata libelli

“Teñen o seu destino os libros”. Frase que alude á importancia do lector na interpretación das obras literarias. O destino dos libros varía segundo o parecer do lector.

Ex: *A novela non gustou ós que esperaban unha maior dose de fantasía e menos preocupación social, pero habent sua fata libelli.*

2. hic et nunc

“Aquí e agora”. Indica o momento presente.

Ex: *As cousas son como son, e hic et nunc o que é branco é branco, non hai cores intermedias.*

3. homo homini lupus

“O home é un lobo para o home”.

Ex: *Hai momentos na historia da humanidade de tal dose de crueldade duns contra outros que o homo homini lupus .*

4. homo sapiens

“Home sabio”, “home racional”. O noso máis inmediato antecesor, despois do **homo erectus, faber, antecesor. (erguido, artesán, antecesor)**.

Ex. *Vendo o que se ve nas bancadas dos estadios de fútbol é posible dubidar se o xiadeiros de agora acadarían o nivel do homo sapiens.*

5. hora est iam de somno surgere

“É hora xa de espertar do sono”.

Ex: *A crise mundial reclama ós líderes iniciativas eficaces, xa se perdeu moito tempo en medidas pouco operativas, hora est iam somno surgere.*

6. horror vacui

“Horror ó espacio baleiro”. Tendencia artística que non deixa ningún espacio baleiro.

Ex: *É un lío todo o que escribe, enche papeis e papeis, sen marxes nen espazos, como se padecese horror vacui.*

7. ibidem

“Alí mesmo”. Remite a una frase xa citada. = **loc.cit. (loco citato) : lugar citado** .

8. idem

“O mesmo”. Evita a repetición.

9. id est

“Isto é, é dicir”. Abréviase en i.d.

10. imprimatur / imprimi potest

“Imprímase”, “Pode imprimirse”. Fórmula de licencia que concede a autoridade eclesiástica para imprimir un escrito.

Ex: *O Vaticano outorgou xa o imprimatur á biografía íntima do último papa.*

11. in absentia

“En ausencia”, “Por ausencia”. Refírese a unha persoa ou dignidade a quen compete realizar un acto.

Ex: *O Comité de Honra invitara ó Alcalde a inauguración Congreso de Expertos en piscicultura pero in absentia da máxima autoridade municipal asistiu o Concelleiro de Cultura*

12. in aeternum

“Para sempre”, “para toda a eternidade”.

Ex: *O debutante quedou tan satisfeito da acollida que lle deu o público que declarou que llo recoñecería in aeternum.*

13. in albis

“En branco”. Cando a mente se queda en branco e non sabemos contestar. Dise tamén da persoa ignorante dalgunha cousa.

Ex: *Mira que levaba o discurso ben preparado, pero vin tanta xente diante miña que me quedei in albis.*

14. in articulo mortis

“No momento da morte”. Últimas vontades do defunto antes de morrer.

Ex: *Levaban xa un tempo xuntos, e aquel home quixo recoñecerlle as atencións que tivera casando con ela in articulo mortis.*

15. in dubio pro reo

“En caso de dúbida, ó favor do acusado”. Principio xurídico.

Ex: *O tribunal non tiña as cousas claras sobre o acusado e decidiu absolvelo porque in dubio pro reo.*

16. in extremis

“No último momento”. Nalgún contexto pode asimilarse a **in articulo mortis**.

Ex: *Cando todo parecía perdido conseguiu salvar in extremis das chamas os volumes de máis interese.*

17. in fraganti / in flagranti delicto

“En ardente delicto”. No momento mesmo de cometer un delicto.

Ex: *A policía sorprendeu o ladrón in flagranti.*

18. in itinere

“No camiño”. A piques de conseguir algo, pero que aínda non se logrou.

Ex: *Non se trata dun traballo no que se vexan resultados inmediatos pero estou convencido de que o equipo científico ten un gran descubrimento in itinere.*

19. in illo tempore

“Naquel tempo”. Comezo das parábolas evanxélicas.

Ex: *In illo tempore atábanse os cans con longanizas.*

20. in medio virtus

“A virtude está no medio”. É dicir, igualmente afastada dos extremos.

Ex: *Os artigos de opinión do xornal son moi tendenciosos e perden credibilidade, hai que ser xustos nos xuízos, in medio est virtus.*

21. in memoriam

“Para recordo”. Para recordar algo ou a alguén.

Ex: *Mañá haberá unha homenaxe na alameda in memoriam de todos aqueles que tiveron que entregar a vida en defensa dos seus ideais.*

22. in mente

“No pensamento”. Algo que aínda non se di, pero xa se pensa.

Ex: *Teño in mente un proxecto que seguro vos vai convencer.*

23. in pectore

“No peito, no corazón”. Utilízase nun nomeamento para un cargo: a persoa que ten que nomear o ten **in pectore**, sen dicilo; aínda non é oficial, pero ninguén ten dúbidas da persoa elixida.

Ex: *Non hai dúbida ningunha de que o presidente xa ten candidato in pectore para a carteira de economía.*

24. in saecula saeculorum

“*Polos séculos dos séculos*”. Para sempre.

Ex: *Xúroche que non esqueceréi o que me fixeches in saecula saeculorum.*

25. in situ

“No lugar”. No lugar exacto.

Ex: *Tentei de entender in situ os garabatos debuxados no mapa da Illa do Tesouro.*

26. intelligentibus pauca

“Para os intelixentes, poucas (palabras fan falta)”. Sentido recollido polo refrán: “*a bo entendedor poucas palabras*”.

Ex: *Non vou perder tempo dando máis claves do asunto, intelligentibus pauca.*

27. in vino veritas

“No viño está a verdade”. Quérese indicar que cando un bebe demasiado di as verdades que non diría estando sobrio.

Ex: *Non me veñas coa disculpa de que beberas de máis, de que non tiñas intención de ofenderme, ninguén ignora que in vino veritas, agora xa sei quen es.*

28. in vitro

“No vidro”. Procedemento de reprodución asistida realizado nun laboratorio, fálase de fecundación **in vitro**.

Ex: *Moitos experimentos en bioloxía celular son levados a cabo in vitro.*

29. inter nos

“Entre nós”. En confianza.

Ex: *Que ningún se entere, pero, inter nos, este individuo non é persoa de fiar.*

30. Ínterim

“Entre tanto”. Intervalo de tempo.

Ex: *No interim sairon deliberar para non tomar unha resolución imprudente diante de tantos médicos que esperaban desde as primeiras horas con impaciencia periodística.*

31. ipso facto

“Polo feito mesmo”. Inmediatamente, no acto.

Ex: *O garda de seguridade dos grandes almacéns ordenoulle que lle entregase ipso facto o que levaba escondido no bolso.*

32. lapsus calami/linguae

“Esvarón”. Erro ou esquecemento na dicción (**linguae**) ou na escritura (**calami**).

Ex: *O lapsus linguae do rei no seu discurso diante dos embaixadores provocou un problema diplomático de difícil solución.*

33. lato sensu

“en sentido lato”, “no amplo sentido da palabra”. En oposición a **strictu sensu**.

Ex: *Tivo un comportamento moi humano, o que se di todo un home lato sensu.*

34. magister dixit

“Díxoo o mestre”. Dise dun argumento sen posible réplica, xa que procede dun mestre, dun xefe de partido ou outra autoridade.

Ex: *Noutra situación podería dúbida de que fose esa a solución, non hai discusión, magister dixit.*

35. manu militari

“Con man militar”. En momentos de guerra ou de estado de excepción confíanse á xustiza militar delitos que normalmente son xulgados por tribunais civís. Tamén pódese empregar no sentido de “con man dura”, “pola forza”, etc.

Ex: *Os atracadores, que non atendían a razóns, foron sacados manu militari do banco polos axentes.*

36. mare magnum

“Mar grande”. Situación que supera a un, por tamaño ou complexidade; confusión, desorde.

Ex: *A noite do sábado produciuse na discoteca Morcego's un maremágnun de moito coidado, nin a presenza da policía conseguiu restablecer a calma.*

37. mea culpa

“Pola miña culpa”. Utilízase para admitir a responsabilidade nun erro.

Ex: *A todos nos gustaría que Bush, ó deixar a Casa Blanca, entonase o mea culpa polos moitos erros na súa política internacional*

38. memento mori

“Acorda que has de morrer”. Dáse este nome a unha caveira considerada como símbolo da morte que aparece en moitas obras de arte, principalmente cadros.

39. memorándum

“O que hai que recordar”. Acontecemento para recordar un feito ou persoa; resume dunha lección; escrito con tódalas cousas necesarias para realizar un traballo.

Ex: *O presidente do Consello de Administración de Piscis S.A presentou o memorándum coas ideas para relanzar a empresa.*

40. mens sana in corpore sano

“Unha mente sa nun corpo san”.

Ex: *A corporación municipal acordou o lema que lucirá no polideportivo municipal: Mens sana in corpore sano. Cidadáns sans para unha cidade cultivada.*

41. modus operandi

“Modo de operar”. Maneira de traballar, de actuar.

Ex: *A policía descubriu os compoñentes dunha banda de asaltantes de naves industriais polo modus operandi.*

42. modus vivendi

“Modo de vivir”. Maneira da gañarse un a vida.

Ex: *Nas épocas de crise hai que afiar o enxeño e buscar un novo modus vivendi*

43. mortis causa

“A causa da morte”. Termo do dereito.

Ex: *O xuíz quere ter clara a mortis causa para acusar o detido de crime ou asinato.*

44. motu proprio

“Por propio movemento”. Voluntariamente, por propia iniciativa.

Ex: *O delegado de goberno, dimitiu de motu proprio, salpicado polas últimas ausacións de corrupción*

45. mutatis mutandis

“Cambiadas (as cousas) que deben ser cambiadas”. Salvando as distancias...(o feito é o mesmo pero cambian as circunstancias, tempo, lugares, etc.).

Ex: *O mesmo impreso de solicitude que se empregou para as prazas de subalerno, empregárase, mutatis mutandis, para o resto de prazas.*

46. nemine discrepante

“Sen ninguén que discrepe”. Por unanimidade. Emprégase por exemplo para cualificar a aprobación dun acordo ou acta cando non hai ningunha persoa que se manifeste en contra.

Ex: *Aprobase o punto do orde día relativo ó presuposto anual nemine discrepante.*

47. nihil novum sub sole

“Nada novo baixo o sol”.

Ex: *Non pensemos que hoxe se vive o erotismo de modo distinto a como o facían gregos e romanos, nihil novum sub sole como se ve nas pinturas murais de Pompeia.*

48. nihil obstat

“Nada o impide”. Autorización para celebrar determinados actos.

Ex: *Un grupo neocatomenal presentou á Curia un proxecto para unha nova vivencia do cristianismo e recibiu o nihil obstat da autoridade eclesiástica.*

49. noli me tangere

“Non me toques”. Palabras de Cristo a Magdalena no sepulcro. En escultura, representación de Cristo aparecéndoselle a Magdalena. En medicina, chagas que empeoran ao tocalas.

50. non plus ultra

“Non máis alá”. Inscrición de Hércules no estreito de Xibraltar, para indicar que non había terra “*máis alá*”. Úsase tamén para indicar que se acada a máxima perfección. Por contra o lema concedido polos reis católicos a Colón era **plus ultra**, *máis alá*, en referencia a conquista do novo mundo.

Ex: *O acourazado Méndez Nuñez era o non plus ultra dos navíos de guerra da súa época.*